



CALENDARIO PARA A ELECCIÓN DE REPRESENTANTES NO CONSELLO ESCOLAR (NOVEMBRO / DECEMBRO 2021)

Segundo a Resolución do 20 de setembro de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros de consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.

PROCEDIMENTO PRELIMINAR	
29 outubro (venres)	Publicación na páxina web do centro da data e hora no que se procederá ao sorteo público para a designación dos membros da Xunta Electoral. (<i>Artigo 30 do Decreto 92/1988 segundo redacción dada polo Decreto 324/1996; DOG do 9 de agosto</i>).
29 outubro (venres)	Sorteo público, ás 15:30 h, para a designación dos membros da Xunta Electoral (Titulares e Suplentes). Segundo o resultado anterior, envío de citacións para a constitución da Xunta Electoral.
02 novembro (martes)	Primeira reunión da Xunta Electoral Acta da súa constitución. Aprobación do calendario de actuacións.
CALENDARIO DE ACTUACIÓNS	
02 novembro (martes)	Publicación nos taboleiros de anuncios: Censos electorais do professorado, dos pais/nais ou titores/as legais do alumnado. Convocatorias de eleccións nos distintos sectores educativos. Período de reclamación aos censos: ata o 10 de novembro de 2021. Solicitude ao Concello e a ANPA de designación dos seus representantes.
03 novembro (mércores)	Envío de circular ás nais/pais ou representantes legais do alumnado coa convocatoria do seu sector.
Do 03 ao 12 de novembro (mércores/venres)	Presentación de candidaturas aos distintos sectores. Na secretaría do centro estarán a disposición dos/as candidatos/-as as solicitudes para presentarse á elección.
03 novembro (mércores)	Envío de convocatoria para a celebración da segunda reunión da Xunta Electoral. Envío de convocatoria de Claustro informativo para o día 16 de novembro , martes (<i>Art. 35 do Decreto 92/1988</i>).
15 novembro (luns)	Segunda reunión da Xunta Electoral: Admisión, proclamación e publicación de candidaturas (prazo de reclamacións: 15 a 19 de novembro). Aprobación dos censos electorais e de modelo de papeletas de votación. Sorteo público, ás 12:00 h, para designar catro representantes dos pais/nais, e os seus suplentes, para formar a mesa electoral que se constituirá o día das eleccións.
16 novembro (martes)	Reunión de Claustro de Profesores (Lectura de normas, relación de candidaturas, acordo de convocatoria de Claustro extraordinario para a elección do profesorado (data posible: martes 23 de novembro).
16 novembro (martes)	Comezo das distintas campañas electorais. Envío de: Circular ás familias anunciando as candidaturas do seu sector. Convocatoria de Claustro extraordinario para o día 23 de novembro (votacións). Citacións para a constitución das distintas mesas electorais. Convocatoria para a terceira e última reunión da Xunta Electoral.
19 novembro (venres)	Envío aos pais/ nais ou titores/-as legais do alumnado dunha circular recordatoria do día das votacións do seu sector.
23 novembro (martes)	VOTACIÓNS: Pais/ nais e titores legais do alumnado: de 9:30 h a 16:30 h. Profesorado: 16:45 h (Claustro de carácter extraordinario) Cada mesa, finalizada a votación correspondente, procederá ao escrutinio público dos votos, redactará e publicará a acta dos resultados.
24 novembro (mércores)	Terceira e última reunión da Xunta Electoral: Proclamación e publicación de candidatos/as electos/as. Traslado das copias das actas das mesas electorais á Xefatura Territorial. (<i>Art. 51 do Decreto 92/1988</i>) Convocatoria de reunión para a constitución do novo Consello Escolar. (<i>Art. 52 do Decreto 92/1988</i>)
30 de novembro (martes)	Constitución do novo Consello Escolar do centro, segundo o art. 52 do Decreto 92/1988, do 28 de abril modificado polo Decreto 324/1996 do 26 de xullo: Constitución do Consello. Designación dos membros que van a constituir a comisión económica, de biblioteca, de convivencia, de comedor escolar ou outras que se poidan constituir. Designación da persoa responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. (<i>Art. 126.2 da LOMLOE</i>).
Antes do 17 de decembro	Envío á xefatura territorial do informe que se publica como anexo II á Resolución do 20 de setembro de 2021.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP PLURILINGÜE de SEIXALBO

Tel./Fax 988 237 000

ceip.seixalbo@edu.xunta.es

galicia